



# Ourense Composta

2015-2016

O orgánico non é lixo!



## Aprende a fabricar o teu propio compost empregando residuos orgánicos!

Coa túa participación no proxecto recibirás de maneira gratuita **un composteiro e un manual de compostaxe doméstica.**



**Ourense Composta**

2015-2016

O orgánico non é lixo!

## Que é a compostaxe doméstica?

A compostaxe doméstica é unha práctica tradicional que permite descompoñer os restos de materia orgánica e convertilos nun fertilizante estable e de calidade.

## Que se pode compostar?

Residuos orgánicos tales como restos de froitas e verduras, cinza, céspede, restos de poda, raíces, follas, etc.

## Vantaxes da compostaxe doméstica

### Ambientais

- Redución do volume global dos residuos producidos, mediante a reciclaxe da materia orgánica en orixe.
- Tratamento máis ecolóxico para a fracción orgánica do lixo.
- Eliminar, ou polo menos minimizar o uso de fertilizantes químicos.

### Económicas

- Obtención dun fertilizante orgánico de calidade.
- Reducir o custo económico derivado da recollida, transporte, xestión e tratamento dos residuos urbanos.

### Sociais

- Recuperación dunha práctica tradicional da cultura Galega.
- Aminorar os desprazamentos que os cidadáns deben realizar aos contedores ubicados nas vías públicas.
- É unha grande ferramenta de educación ambiental e participación cidadá.

## Campaña compostaxe 2015-2016

Dirixida aos cidadáns dos 50 municipios aos que a Deputación de Ourense lles presta o servizo de recollida de RSU en réxime de competencias delegadas:

*Amoeiro, Avión, Baltar, Bande, Beariz, Boborás, A Bola, Os Blancos, Calvos de Randín, O Carballiño, Carballeda de Valdeorras, Castrelo de Miño, Castro Caldelas, Chandrexa de Queixa, Coles, Entrimo, A Gudiña, O Irixo, Larouco, Lobeira, Lobios, Manzaneda, Montederramo, Muíños, Padrenda, Pereiro de Aguiar, A Peroxa, Petín, A Pobra de Trives, Porqueira, Punxín, Rairiz de Veiga, Ribadavia, A Rúa, Rubiá, San Amaro, San Cibrao das Viñas, San Cristovo de Cea, San Xoán de Río, Sandiás, Sarreaus, A Teixeira, Toén, Trasmiras, A Veiga, Viana do Bolo, Vilamarín, Vilamartín de Valdeorras, Vilariño de Conso e Xinzo de Limia.*

Coa túa adhesión á campaña de compostaxe recibirás un composteiro (recipiente para realizar a compostaxe doméstica) e un manual de compostaxe.

### Requisitos para participar na campaña:

- 1)** Non ter participado en campañas anteriores.
- 2)** Ter a túa primeira residencia nalgún municipio dos 50 concellos con competencias delegadas de RSU na Deputación.
- 3)** Dispor dun espazo mínimo de horto e xardín de superficie aproximada de 50-200 m<sup>2</sup> e comprometerte a facer uso responsable do composteiro a partir de residuos orgánicos e restos de xardín.
- 4)** Asistencia obrigatoria á xornada de formación, ou ben presencial ou por delegación por escrito.
- 5)** Presenza obrigada no domicilio durante a primeira visita, na data concertada, para poder executar a entrega do composteiro e o manual, así como para a realización da visita final.



Síguenos en...



@OurenseComposta



facebook.com/OurenseComposta



### **Obxectivos da campaña**

- Capacitar e dotar á poboación dos medios materiais para a fabricación de compost a pequena escala.
- Mellorar a eficiencia da recollida selectiva, mediante a separación previa da materia orgánica.
- Obter un produto útil como fertilizante ou enmenda orgánica, reducindo o emprego de fertilizantes químicos.
- Concienciar a poboación sobre a problemática dos residuos e a importancia da separación e orixe.
- Reducir o volume de residuos orgánicos a depositar nos contedores xenéricos.



**OurenseComposta**

O orgánico non é lixo!

A **compostaxe doméstica** é unha práctica tradicional que permite descompoñer restos de materia orgánica e convertilos nun fertilizante estable e de calidade.


Co programa **OurenseComposta** obterás un produto útil como fertilizante e reducirás o volume dos residuos orgánicos.

### Lugares de inscrición

- Nos 9 puntos de dinamización ou 'carpas de compostaxe' que se colocarán en: *O Carballiño, A Peroxa, Castro Caldelas, Viana do Bolo, A Rúa, Xinzo de Limia, Ribadavia, Bande, San Cibrao das Viñas.*

- Nos teléfonos: **988 317 687** e **661 656 737**

- Na web: <http://provinciasostible.depourense.es/>



Síguenos en...



@OurenseComposta



facebook.com/OurenseComposta